

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE BEGONTE PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “MELLORA DO BOMBEO DE AUGA POTABLE NO CONCELLO DE BEGONTE (LUGO)”

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, José Ulla Rocha, alcalde do concello de Begonte, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro. O concello de Begonte ten atribuídas competencias en materia de abastecemento de auga potable, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

Ademais, os artigos 5.1 a) e 27.1 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establecen como competencia das entidades locais o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario. Ademais, o artigo 27.2 establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia así como a explotación dos servizos da súa competencia.

Segundo. A entidade pública Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18.11.2010) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG núm. 9, do 13.01.2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas.

A citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, atribúe no seu artigo 26 á Administración Hidráulica da Comunidade Autónoma as competencias para a regulación e o outorgamento de auxilios económicos ás corporacións locais nas materias da súa competencia.

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Terceiro. Para o desenvolvemento das competencias sinaladas, o Concello de Begonte pretende realizar a seguinte actuación “Mellora do bombeo de auga potable no Concello de Begonte. Begonte (Lugo)”.

Con esta actuación preténdese solucionar as deficiencias que presenta a instalación actual e garantir un subministro de calidade a poboación.

Cuarto. Á vista do exposto, as partes consideran necesario establecer unha fórmula coordinada para garantir o financiamento da citada actuación

Neste contexto, e dadas as circunstancias concorrentes, enténdese a imposibilidade de promover a concorrência pública, acudindo ao réxime excepcional de concesión directa da subvención.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar este convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA- OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello que permitan acometer polo Concello e incorporar ao patrimonio público municipal as obras “Mellora do bombeo de auga potable no Concello de Begonte (Lugo)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

SEGUNDA- OBRIGAS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

1.- Augas de Galicia obrígase a:

Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio entregando ao Concello o importe máximo que se concreta na cláusula seguinte.

2.- O Concello de Begonte obrígase a:

- a) Realizar ante Augas de Galicia a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, presentando para isto, en todo caso antes do 15 de novembro do ano en curso, a seguinte documentación:
 - Certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control no concello da toma de razón en contabilidade e do cumprimento para a finalidade que foi concedida.
- b) Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
- c) Comunicar a Augas de Galicia, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención

concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

- d) Reintegrar á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.
- e) Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

TERCEIRA- RÉXIME DE FINANCIAMENTO

O custo total das actuacións contempladas no presente convenio ascende corenta e oito mil trescentos noventa e nove euros con noventa e seis céntimos (48.399,96 €) que serán financiadas por Augas de Galicia, con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo a anualidade 2018.

CUARTA- LIBRAMENTO DOS FONDOS E RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN

En canto aos prazos e modos de pagamento da subvención por parte de Augas de Galicia, a súa achega materializaranse mediante a transferencia dos fondos precisos ao Concello, logo da presentación en Augas de Galicia de:

- Certificado da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control no concello da toma de razón en contabilidade e do cumprimento para a finalidade que foi concedida. A anterior transferencia de fondos, será ingresada na conta bancaria da que o concello sexa titular, cuxa numeración facilitará a tal fin a Augas de Galicia

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, serán compatibles con calquera outras axudas públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

QUINTA.- TITULARIDADE DAS OBRAS

O concello adquirirá a titularidade das obras de referencia, e asumirá o seu mantemento, explotación e mantemento xa que logo a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia, de acordo co establecido neste convenio de colaboración financeira.

SEXTA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do Concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como Presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

OITAVA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste Convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2018, e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2018. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio

DÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera outra modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarse a través dunha addenda ao convenio.

UNDÉCIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

DUODÉCIMA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).


E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes o presente documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado

A presidenta de Augas de Galicia



Beatriz Mato Otero

O alcalde de Begonte



Jose Ulla Rocha